



## PROGRAMA DE APOIO PARA A CONTRATACIÓN DE MULLERES EN OCUPACIÓNS MASCULINIZADAS E PARA A ADAPTACIÓN DE ESPAZOS NAS EMPRESAS

Axudas para favorecer a contratación de mulleres desempregadas na empresa ordinaria en ocupacións masculinizadas, contribuíndo á incrementar nelas as baixas taxas de ocupación feminina

Orzamento  
1.655.255,67 €

Prazo aberto do  
19 de xullo ao 30 de  
setembro de 2024



### Persoas beneficiarias

→ As persoas empregadoras, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica que contraten mulleres por conta allea en ocupacións masculinizadas, para prestaren servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia.

As ocupacións masculinizadas son aqueles grupos ocupacionais da Clasificación Nacional de Ocupacións (CNO-11) que en 2023 reflectiron unha diferenza porcentual de polo menos 20% entre os valores de contratación masculina e feminina e segundo o cal se elabora a lista de ocupacións con subrepresentación feminina.

As persoas destinatarias finais serán **as mulleres** que sexan contratadas que **se atopen desocupadas no día inmediatamente anterior** á data de inicio do contrato e **inscritas como demandantes de emprego** no Servizo Público de Emprego de Galicia no momento da súa contratación.



### Intensidade da axuda

→ **Liña 1.** Incentivos á contratación indefinida por conta allea de mulleres desempregadas.

A tempo completo:

15.000€ / muller contratada

A tempo parcial (mín. 50%) ou fixas discontinuas (mín. 6 meses):

7.500€ / muller contratada



Acumulable

15%

Concello rural  
Discapacidade  
Maior de 45 anos  
Emigrante  
Estranxeira  
Persoa trans

26.250€ subvención máxima por muller contratada

→ **Liña 2.** Axudas para a adaptación dos espazos ou dos postos de traballo na empresa (opcional).

10.000€ subvención máxima por empresa

## PROGRAMA DE APOIO PARA A CONTRATACIÓN DE MULLERES EN OCUPACIÓNS MASCULINIZADAS E PARA A ADAPTACIÓN DE ESPAZOS NAS EMPRESAS



### Principais requisitos das actuacións a desenvolver

Liña 1

- Os contratos de traballo deberán ser de **duración indefinida a tempo completo ou parcial (mínimo o 50% da xornada) ou fixo descontinuo** (cunha duración mínima de 6 meses).
- No caso de novas contratacións, o **prazo máximo para formalizalas será de 20 días hábiles desde a recepción da comunicación da concesión e, en todo caso, antes do 20 de outubro de 2024.**
- O **número máximo de contratos** que se subvencionarán por empresa establécese en 7.
- O **centro de traballo** da muller contratada debe estar localizado na **Comunidade autónoma de Galicia.**

Liña 2

- Subvencionaranse os **gastos de obras de adaptación dos espazos ou dos postos de traballo na empresa** para eliminar barreiras ou obstáculos que impidan ou dificulten o desempeño das mulleres na empresa (aseos, vestiarios, espazos para menores, ...) en **centros de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.**
- O **período de realización das obras de adaptación** será **dende o 1 de xaneiro ao 20 de outubro e 2024.**
- As facturas deberán ser por un **importe mínimo de 300€, non admitíndose o pagamento en efectivo.**

Acceso á ficha da sede electrónica



- Pulsa para acceder -

VR 180612024



### Principais obrigas das persoas beneficiarias

- **Comunicar o inicio dos contratos** no prazo **máximo de 10 días hábiles** desde o comezo dos mesmos, a través da aplicación Contrat@.
- **Manter no seu cadro de persoal á muller traballadora** contratada durante un período mínimo de **36 meses.**
- No caso de baixa voluntaria ou falecemento da muller traballadora **substituíla nun prazo máximo de 15 días** polo tempo que reste para cumprir o período de mantemento do emprego<sup>(\*)</sup>. No resto de causas de baixa, procederáse á devolución total do incentivo.
- **As baixas voluntarias ou falecementos** deberán comunicarse **nun prazo máximo de 5 días,** achegando o motivo de baixa.
- En **caso de substitución,** a nova contratación deberá realizarse **con outra muller que cumpra os requisitos segundo o incentivo concedido,** co mesmo tipo de contrato e cun perfil análogo. De non ser así, deberase devolver a contía proporcional da axuda concedida.
- No caso de **suspensión do contrato por menos de 6 meses,** suspenderase o **cómputo** do período de mantemento ata a restitución. No caso de **máis de 6 meses,** procederáse ao **reintegro parcial.**
- Adoptar as **medidas de difusión para dar publicidade** ao financiamento das actuacións subvencionadas, mantendo durante un **mínimo de 12 meses un cartel** nun lugar visible do centro de traballo.

(\*) Só se permite unha única substitución por muller contratada inicialmente.